

PREGO PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A INSTALACIÓN DE PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NO PASEO DA ALAMEDA. NADAL 2014/2015

Deberá achegarse documentación completa gráfica e escrita, incluídos planos sobre as características da pista, os seus elementos auxiliares e calquera elemento que se pretenda colocar:

O adxudicatario asumirá as seguintes condicións e requirimentos técnicos na instalación da pista de patinaxe e elementos auxiliares:

1. A pista será de xeo artificial, quedando excluídas as pistas de plástico. Terá unha dimensión de 500 metros cadrados (de 12,5 m de ancho por 40 de largo). En todo caso, a superficie máxima de ocupación da totalidade das instalacións (pista e posibles servizos complementarios) non excederá o ámbito indicado no plano adxunto. A superficie da pista deberá estar en boas condicións e totalmente lisa, sen que presente ningún tipo de obstáculo que poida ser perigoso para os usuarios. Estará dotada de valla perimetral e carpa. A valla deberá ter unha altura mínima dun metro sobre a superficie do xeo, sustentada por elementos verticais colocados na cara oposta á superficie de xogo, fixados ao chan de forma sólida e resistente, e a carpa deberá ser de aluminio, ignífuga e estar homologada.
2. O posible sistema de conxelación non poderá incluír tubarías de caucho etileno propileno dieno (EPDM).
3. Divisores ou distribuidores interiores (paneis, carpas, mostradores, estanterías, bancos, percheiros, vallas...) para a separación de zonas específicas (taquilla, entrega e retirada de patines, roupeiro, colocación de patines, asistencia médica...) e a delimitación de espazos de uso para os participantes e de zonas de uso exclusivo para os organizadores, garantindo a seguridade e estética do acabado do montaxe.
4. Chan de goma para as zonas de colocación de patines e de acceso á pista.
5. Equipo de son para amenizar permanentemente as sesións de patinaxe e equipo de iluminación necesario.
6. O adxudicatario deberá aportar para a prestación do servizo:
 - Recursos necesarios para o montaxe, mantemento e desmontaxe da pista de xeo en condicións óptimas de seguridade e de eficiencia nos consumos enerxéticos, para o cal se procurará, dentro do posible, de ubicar os equipos de refrixeración próximos á pista de xeo.
 - Os patines para o seu aluguer por parte dos usuarios, respectando polo menos a proporción 0,5 pares por metro cadrado de pista.
 - Persoal: tres persoas como mínimo distribuídas coas seguintes responsabilidades durante o horario de apertura ao público: Responsable do servizo, taquilla, e control de accesos. En todo caso, o adxudicatario deberá atender as necesidades de persoal de reforzo necesario en función da afluencia de público.
7. Asistencia sanitaria permanente.
8. Guantes para a súa venda aos usuarios que veñan desprovistos desta prenda de uso obrigatorio para poder acceder á pista, circunstancia que, obrigatoriamente, deberá figurar na publicidade da pista de xeo.

9. A pista deberá reunir as condicións adecuadas de seguridade, sendo o adxudicatario o responsable de calquera accidente por anomalía da montaxe ou condicións da pista, así como dos desperfectos que o desenvolvemento da actividade poida causar no recinto.
10. O adxudicatario deberá subscribir o seguro de responsabilidade civil e danos de conformidade co previsto no Prego de Condicións.
11. Serán por conta do contratista todos os gastos necesarios para o exercicio da actividade, incluída limpeza, electricidade e seguridade.
12. Os dereitos de autor que poidan devengarse pola actividade serán asumidos por conta do contratista.
13. Os horarios de apertura ao público respectarán os seguintes límites mínimos:


Vacacións de Nadal (período aproximado do 22 de decembro ao 8 de xaneiro) en horario de mañá e tarde. De 11 h a 14 h e de 16.30 h a 22 h todos os días da semana.

Resto dos días do período de funcionamento:

De lun a xoves: de 17 h a 21 h

Venres, sábado e domingo: de 11 h a 14 h e de 16.30 h a 22 h

14. Establécese un prezo máximo de entrada de 10 euros.
15. Ao final da actividade, o adxudicatario deberá entregar ao Concello datos relativos ao uso da pista, entre os que alomenos deberá figurar, desagregados por sesións (mañá ou tarde) e días: a. Número de entradas vendidas. B. Número de participantes en modalidade de grupos. c. Número de invitacións.
16. O adxudicatario obrígase ao cumprimento estrito de cantas disposicións en vigor, ou ditadas durante a vixencia do contrato, regulan o exercicio da actividade.
17. O adxudicatario poderá xestionar a venda de espazos promocionais no recinto da instalación.
18. O adxudicatario deberá facilitar ao Concello as invitacións necesarias para atender ao protocolo institucional, cun límite de 200 entradas.



Asdo. Lucía M. Castro López
Técnica responsable de Comercio